

OS SERES VIVOS

Os animais

Nome _____

Data _____

O ornitorrinco

O ornitorrinco probablemente é o animal máis raro de cantos existen. Ten as patas palmadas, coma as lontras, unha boca con forma de peteiro de pato e un rabo semellante ao do castor. Por se iso non fose abondo, trátase do único mamífero que pon ovos e un dos poucos que é venenoso. Aínda que só o son os machos. Así, é normal que os científicos case toleasen ao intentar clasificalo por primeira vez.

O ornitorrinco vive en ríos e regatos de Australia, e é carnívoro. Aliméntase de larvas de insectos, cangrexos e outros invertebrados. Como xa se dixo, as súas crías nacen de ovos, pero a súa nai aléitaos cando saen deles; en cambio, carece de mamilas a diferenza da maioría dos mamíferos.



1 Que teñen en común unha lontra, un castor e un ornitorrinco?

2 En que se diferencian unha lontra, un castor e un ornitorrinco?

3 Escribe o nome doutros animais que vivan en Australia.

4 Algúns animais, como o ornitorrinco, empregan veneno para defenderse ou atacar. Escribe o nome de todos os animais que coñezas que utilicen veneno coma o ornitorrinco.

5 Completa as seguintes frases relativas ao ornitorrinco.

- Polo seu tipo de alimentación, é un _____.
- Pon _____, pero é un mamífero porque as crías _____ da nai.
- A diferenza doutros mamíferos, as súas mamas non posúen _____.
- Só os machos son _____.

6 Estes seres vivos parécense entre si, pero clasifícanse en grupos diferentes porque para facelo aténdese a outras características e non simplemente á súa forma. Sinala unha característica que os diferencie do ser vivo que está ao lado e clasifícaos.

(A)





(B)





(C)





